



FONDO GALEGO
DE GARANTÍA
AGRARIA

INSTRUCCIÓN SF01/2024 SOBRE A DECLARACIÓN DE AUSENCIA/EXISTENCIA DE CONFLICTO DE INTERESE (DACI/DECI) DO FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (Fogga)





O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), organismo autónomo dependente da Consellería do Medio Rural, é o organismo pagador dos gastos financiados polos fondos agrícolas europeos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co previsto no Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrícolas en Galicia, así como no Real decreto 1046/2022, de 27 de decembro, polo que se regula a gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común en España e dos fondos europeos agrícolas FEAGA e Feader.

O Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro do 2024, establece as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, en particular, artigo 61 establece a regulación relativa ao conflito de interese.

O antedito Regulamento define o conflito de interese como a situación na que "*o exercicio imparcial e obxectivo das funcións dos axentes financeiros e doutras persoas que participen na execución orzamentaria estea comprometido por razóns de afinidade familiar, afectiva, política ou nacional, interese económico ou por calquera outra razón directa ou indirecta de interese persoal*".

Do mesmo xeito o artigo 64 da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do Sector Público, "Loita contra a corrupción e prevención do conflito de interese" ten como finalidade evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitador. Finalmente, o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público, reguladora da abstención, establece que deberán absterse de intervir no procedemento as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións Públicas naqueles supostos que se dea algunha das circunstancias sinaladas.

Conforme a normativa de aplicación, pode xurdir un conflito de interese aínda que a persoa non se beneficie efectivamente da situación concreta, xa que é suficiente con que as circunstancias sexan susceptibles de comprometer o exercicio obxectivo e imparcial das súas funcións. Non obstante, estas circunstancias deben ter algún vínculo identificable e individual (ou impacto) con aspectos específicos da conduta, comportamento ou relacións do empregado ou persoa en cuestión.

O artigo 61 do Regulamento (UE, Euratom) 2024/2509, aplícase a todos os fondos do orzamento da UE e a todas as modalidades de xestión. Así, os axentes financeiros e outras persoas (a nivel comunitario ou nacional), incluídas as autoridades nacionais, están suxeitas ao disposto neste artigo, sempre que participen na execución, a calquera nivel, do orzamento do UE baixo xestión directa, indirecta e compartida (incluídos actos preparatorios, auditorías ou controis).





Non obstante, cómpre sinalar que a "participación" inclúe os actos preparatorios e calquera fase do proceso de planificación, decisión, xestión, auditoría e control do uso dos fondos da UE. Este concepto inclúe, polo tanto, a calquera persoa que poida influír no proceso de toma de decisións en particular, as autoridades nacionais, rexionais e locais, ou ao persoal ou membros destas autoridades e aos membros do Goberno, na medida na que realicen algunha das fases mencionadas na execución do orzamento da UE. Polo tanto, é de aplicación a calquera medida adoptada polas persoas responsables do proceso de toma de decisións na execución do orzamento da UE, ou que teñan capacidade para dirixir ou influír nel. No obstante, a súa participación debe ser razoablemente significativa, e dicir, as persoas deben estar facultadas para exercer un certo grao de discrecional idade ou control sobre a execución do orzamento.

O Fogga como organismo pagador e conforme ao previsto na antedita regulación e no seu Plan Antifraude, comprométese a adopción das medidas axeitadas para evitar e detectar a existencia dun conflito de interese, no relacionado coa exercicio das súas funcións e en relación ás persoas con influencia ou que ocupen un posto de responsabilidade dentro ou fóra do organismo pagador.

Neste sentido, en caso de risco de conflito de interese, tomaranse medidas para garantir a correcta aplicación do devandito artigo, polo que cómpre regular o procedemento e sistemas internos de salvagarda que garantan o respecto dos máximos estándares éticos, evitando situacións e actuacións que, valoradas por terceiras persoas, poidan poñer en dúbida a imparcialidade que necesariamente debe concorrer neste ámbito.

A tales efectos procédese a presente Instrución.





Primeiro. Obxecto e finalidade

1. Esta Instrución SF01/2024 ten por obxecto regular as medidas de salvagarda dos principios éticos que deben rexer o exercicio das actuacións atribuídas ao Fogga como organismo pagador dos fondos FEAGA e Feader.
2. Con este fin, regulase o procedemento para a resolución concreta das situacións que podan supoñer unha ameaza aos principios de integridade, independencia e autonomía no desenvolvemento das distintas actuacións que desenvolve o persoal do Fogga e dos órganos ou organismos que teñen en vigor unha Resolución de delegación de funcións así como o procedemento a seguir para garantir o seu estrito cumprimento.

Segundo. Ámbito de aplicación

O previsto nesta Instrución será de aplicación a todo o persoal dependente da Fondo Galega de Garantía Agraria (en diante Fogga) que participa no exercicio das funcións que como organismo pagador tanto de FEAGA, coma de Feader, ten atribuídas, co obxectivo de alcanzar un total respecto aos principios de independencia, obxectividade, integridade e transparencia que deben concorrer no seu desenvolvemento.

Así mesmo, aplicarase ao persoal daqueles organismos ou entidades coas que o Fogga ten subscrita unha Resolución de delegación de funcións conforme ao previsto no artigo 1.2 do Real decreto 1046/2022, de 27 de decembro, polo que se regula a gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común en España e dos fondos europeos agrícolas FEAGA e Feader.

Terceiro. Independencia e conflito de interese

O persoal do Fogga, no exercicio das súas funcións, deberá actuar con total obxectividade e ser independente en relación coas funcións que na xestión, control e pagamento dos fondos agrarios ten atribuídas ou que estean directamente afectadas polas mesmas.

Por conseguinte, non poderá participar no desenvolvemento e tramitación das axudas ou pagos que afecten a aquelas persoas (físicas ou xurídicas) coas que teñan unha relación, ou a aquelas persoas ou entidades directamente afectadas polas mesmas, cando se poida xerar unha ameaza aos principios de integridade, obxectividade e independencia ou ser consideradas, xeralmente, como causantes dun conflito de interese.

En particular, existirá conflito de interese cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións do persoal sinalado no punto segundo estea comprometido por razóns





familiares, afectivas, de afinidade política, de interese económico ou por calquera outro motivo directo ou indirecto de interese persoal.

Cuarto. Situacións que xeran riscos á independencia e conflito de interese

1. Cando concorra algunha das seguintes circunstancias ou situacións en relación co órgano ou entidade obxecto da axuda ou subvención, ou con persoas ou entidades que poidan verse afectadas directamente por aquelas, deberá seguirse o procedemento recollido no punto sétimo aos efectos de aplicar, no seu caso, as correspondentes salvagardas:
 - a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro cuxa resolución puidera influír en aquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algunha persoa interesada.
 - b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e/ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, ou ter, con independencia do grao, vínculos de consanguinidade ou afinidade e un período de convivencia durante un mínimo dun ano no seu fogar.
 - c) Ter calquera dos vínculos establecidos no apartado b) cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - d) Ter amizade íntima o inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - e) Ter intervido como perito o como testemuña no procedemento de que se trate.
 - f) Ter relación de servizo con persoa natural o xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.
2. A detección da existencia dos riscos sinalados non exclúe a posibilidade de que houboese outros de similar natureza ou efectos que tamén, unha vez documentados e descritos de forma precisa, puidesen afectar á independencia.
3. Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, en ningún caso consideraranse riscos de carácter xenérico ou inespecífico cun efecto que non poida ser concretado ou avaliado.





4. Compre ter en consideración que, a realización dunha declaración de ausencia de conflito de interese que se demostre falsa, incompleta ou inexacta suporá a imposición das sancións disciplinarias, administrativas ou penais que estableza a normativa de aplicación.

Quinto. Obrigas do persoal do Fogga e dos órganos ou organismos que teñan unha Resolución de Delegación de Funcións.

1. persoal dependente do Fogga que preste servizos de xestión, control ou pagamento das axudas financiadas con FEAGA ou Feader, de carácter técnico ou de dirección deberá avaliar a concorrência, no desenvolvemento dos traballos que teña asignados, dalgunha das circunstancias recollidas no punto cuarto da presente Instrución ou outras que, ao seu xuízo, puidesen supoñer unha ameaza ao principio de independencia ou situalos nunha situación que poda supoñer a existencia dun conflito de interese.
2. Do mesmo xeito, deberá realizar a autoavaliación en relación coas funcións que teñan asignadas na xestión, control ou pagamento dos Fondos FEAGA ou Feader, todo o persoal ao servizo daqueles órganos ou organismos cos que o Fogga ten subscrita unha Resolución de delegación de funcións, segundo o previsto no artigo 1.2 do Real decreto 1046/2022, de 27 de decembro, polo que se regula a gobernanza do Plan Estratéxico da Política Agrícola Común en España e dos fondos europeos agrícolas FEAGA e Feader.

A autoavaliación deberá realizarse conforme o previsto no Anexo III da presente instrución.

Sexto. Momento de realizar a autoavaliación

Con carácter xeral realizarase a autoavaliación de risco de conflito de interese con unha periodicidade bianual (comezando nos anos pares).

Adicionalmente, deberá realizarse unha nova autoavaliación nos seguintes supostos:

1. Cando se produza a incorporación a un novo posto de traballo.
2. Cando se produza un cambio substancial nas tarefas a realizar sen modificación do posto de traballo.
3. Cando se produza un cambio esencial dende o punto de vista da dependencia orgánica ou funcional.





4. Cando se teña coñecemento da existencia dunha ameaza a integridade no exercicio das funcións propias.

Sétimo. Procedemento de identificación e comunicación de situacións que supoñan unha declaración de existencia dun conflito de interese (DECI).

1. No caso de que o persoal sinalado no punto segundo desta Instrución, no momento de realizar autoavaliación segundo o modelo previsto no anexo III da presente Instrución ou en calquera momento durante o exercicio das súas funcións, detectase unha ameaza á independencia ou unha situación que puidese ser susceptible de ser considerada como un conflito de interese, deberá comunicar dita circunstancia por correo electrónico ao seu superior xerárquico inmediato (segundo o modelo do Anexo I).
2. No caso do persoal que presta os seus servizos no Fogga, deberá comunicarse tal circunstancia ao seu órgano de dirección (Dirección do Fogga/Secretaría do Fogga/ Subdirección Xeral/Xefatura Territorial correspondente), conforme ao modelo que figura no Anexo I e, no prazo de dous días hábiles, a contar dende a recepción do correo, a persoa a que se dirixe deberá remitir á persoa interesada, confirmación da comunicación realizada.
De considerar que concorren as ameazas nas persoas titulares dos correspondentes órganos de dirección, a comunicación realizarase, segundo o ámbito orgánico no que se atopen, ás unidades sinaladas no punto noveno desta Instrución.
Finalmente, no suposto de persoal ao servizo dun órgano ou organismo co que exista unha Resolución de delegación de funcións, a comunicación realizarase a persoa designada por este.
3. Unha vez realizada a comunicación o persoal que realizou a mesma absteranse de continuar no procedemento ou a participar na tramitación do asunto en cuestión, ata que se determine a existencia ou non dunha ameaza certa ao principio de independencia ou dun conflito de interese potencial ou real.
4. Recibida a comunicación, a persoa titular da unidade correspondente adoptará as medidas necesarias para que quede suspendida participación do persoal afectado no asunto e procederá a análise das circunstancias comunicadas (deberá analizar a existencia ou non dun conflito de interese potencial ou real).





5. Unha vez producida a suspensión de toda participación no asunto, o titular da unidade correspondente, sinalará no prazo de tres días hábiles o seu parecer sobre a existencia dun risco que afecte á independencia do antedito persoal ou dun conflito de interese e, no seu caso, establecerá as medidas de salvagarda a adoptar, que en todo caso suporán, no suposto da existencia dun conflito de interese real, a imposibilidade de participación do persoal afectado no asunto en cuestión.
6. En todo caso, o responsable decisorio poderá solicitar informe ao Comité de Ética seguindo o procedemento recollido no Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.
7. No suposto no que a situación comunicada determine a necesidade de substituír ao persoal afectado nas actuacións relativas ao asunto en cuestión ou no exercicio das funcións asignadas, sinalarase tal medida de salvagarda conforme ao modelo do Anexo II e adoptarase pola persoa que corresponda.
8. No caso de tratarse dunha persoa que preste servicios noutro órgano ou organismo que teña vixente unha resolución de delegación de funcións, unha vez adoptada a medida polo superior xerárquico ou persoa sinalada ao efecto, esta salvagarda será comunicada á Secretaría do Fogga. A existencia dun conflito de interese real determinará necesariamente o cese da participación do persoal afectado en toda actividade relacionada co asunto en cuestión.
9. Asemade, o persoal do Fogga que participe na xestión, control e pago das axudas poderá poñer, en coñecemento da persoa responsable ou superior xerárquico, por correo electrónico e de forma motivada e no seu caso, documentada, aquelas situacións nas que considere que a independencia doutro empregado público ou cargo poda estar comprometida. A persoa ou cargo que reciba tal comunicación, analizará o contido da mesma e seguirá o procedemento recollido previamente, dirixindo a cuestión a persoa titular do órgano ou cargo que corresponda conforme ao disposto no punto primeiro e segundo deste apartado. O previsto nesta Instrución enténdese sen prexuízo das canles establecidos para as denuncias de sospeita de fraude no Plan de prevención de riscos de xestión e procedemento antifraude da Xunta de Galicia.
10. Finalmente, o previsto neste punto entenderase sen prexuízo da autoavaliación que deberá efectuarse con unha periodicidade bianual polo persoal técnico e de dirección das unidades que realicen funcións de xestión, pago e control das axudas FEAGA e Feader e polo persoal dos órganos e organismos con Resolucións de delegación de funcións, segundo o recollido no apartado 2 do punto oitavo.





Oitavo. Xestión da Documentación

1. No ámbito da xestión e pago dos fondos FEAGA e Feader, cando o persoal que realice calquera das funcións atribuídas ao Fogga, xa sexan propias ou por delegación, considere que concorre nel algunha das situacións recollidas no punto cuarto, deberá realizar autoavaliación e seguir o procedemento descrito no punto sétimo remitindo a comunicación segundo o modelo do Anexo I. Recibida a comunicación, o titular da unidade ou órgano correspondente, redactará unha Resolución de adopción de medidas de salvagarda (RAMS) seguindo o modelo que figura no Anexo II.
2. Con carácter xeral, no ámbito do exercicio das competencias atribuídas ao Fogga ou ao órganos que teñen vixente unha Resolución de delegación de funcións, con periodicidade bianual (a poder ser no 4º trimestre dos anos pares) e nos supostos previstos no punto sexto da presente Instrución, o persoal que desenvolva estas funcións deberá cubrir o test de autoavaliación que figura como anexo III, que deberá ser remitido conxuntamente co resultado a través da Plataforma Moodle do Fogga (<https://formacionfogga.xunta.gal/>).
3. De resultar despois da realización de autoavaliación a existencia dunha ameaza a independencia ou dun conflito de interese real o potencial deberá remitirse:
 - 3.1. A autoavaliación (Anexo III)
 - 3.2. A Declaración de Existencia dun Conflito de interese REAL ou Potencial (DECI) (Anexo I)
 - 3.3. A Resolución de adopción de medidas de salvagarda (RAMS) (Anexo II)
4. De resultar despois da realización da autoavaliación a inexistencia dunha ameazada a independencia ou dun conflito de interese remitirase:
 - 4.1. A Declaración de ausencia de conflito de interese (en diante DACI) (Anexo IV)

Noveno. Competencia para a avaliación da independencia e a adopción de decisións que afecten ás persoas titulares.

No ámbito das funcións de xestión, pago e control das axudas financiadas cos fondos FEAGA e Feader, as persoas competentes para avaliar a posible concorrencia ou non de ameazas á independencia ou de situacións que poidan xerar un conflito de interese en relación coas persoas dependentes das súas unidades de xestión no Fogga serán:





1. No ámbito dos Servizos Territoriais do Fogga, as persoas titulares das Xefaturas Territoriais.
2. No ámbito da Subdirección Xeral de Xestión da PAC a persoa titular da Subdirección.
3. No ámbito da Secretaría do Fogga a persoa titular da mesma.
4. Para determinar, no seu caso, a independencia das persoas titulares das xefaturas Territoriais a competencia corresponde a persoa titular da Secretaría do Fogga.
5. Para determinar, no seu caso, a independencia das persoas titulares das Subdireccións e da Secretaria do Fogga a competencia corresponde a persoa titular da Dirección do Fogga.
6. Para determinar, no seu caso, a independencia da persoa titular da Dirección do Fogga a competencia corresponderá a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural.

A estes efectos, as persoas que ostenten a titularidade das unidades anteriores definirán as medidas de salvagarda, que, ao seu xuízo, permitirían mitigar ou reducir o risco de comprometer a independencia ou, de non ser posible, deberán determinar a non participación do persoal afectado nas actuacións correspondentes e, no seu caso, propoñerán a substitución do persoal afectado.

No ámbito dos órganos ou organismos que contén cunha Resolución de delegación de funcións vixente, deberá determinarse a persoa que terá a competencia para avaliar a independencia e para a adopción das Resolucións de adopción das medidas de salvagarda que afectan ao persoal das distintas unidades que participan na xestión, control e pago das axudas. Os titulares das distintas unidades deberán, no seu caso, remitir a documentación prevista no punto 3 do apartado oito desta Instrución á Secretaría do Fogga a través da Plataforma Moodle do Fogga (<https://formacion-fogga.xunta.gal/>) para o seu arquivo e conservación.

Décimo. Deber de colaboración

Todo o persoal empregado público dos órganos e unidades do Fondo Galego de Garantía Agraria, e todo o persoal dos órganos cunha Resolución de delegación de funcións que participen na xestión dos Fondos da PAC, deberán prestar aos órganos competentes sinalados no apartado noveno a máxima colaboración para o mellor cumprimento das funcións que teñen encomendadas.

O persoal dos devanditos órganos competentes, no exercicio das súas funcións, terá acceso á documentación e información de que dispoñan os órganos e unidades do Fogga, calquera que sexa a súa natureza. Este acceso quedará limitado ao ámbito estrito do obxecto dos controis para garantir a independencia do persoal e detectar





e evitar a existencia dun conflito de interese, sen que en ningún caso poida estenderse a datos que afecten á intimidade das persoas ou aos dereitos de terceiras persoas.

Undécimo. Responsabilidades

O persoal empregado público do Fogga que non comunique as circunstancias ou de ameaza á independencia ou que incumpra o recollido nesta Instrución estará suxeito ás responsabilidades disciplinarias, administrativas ou penais que procedan de acordo coa normativa aplicable.

Idéntica responsabilidade terá o persoal empregado público que participe na xestión dos Fondos FEAGA e Feader, no marco da existencia dunha Resolucións de delegación de funcións.

Duodécimo. Contratación de empresas polo Fogga

No suposto de que se realicen actuacións coa colaboración de empresas externas, xa sexan de natureza pública ou privada, deberán incluírse nos pregos ou documentos relativos ao mandato ou colaboración, cláusulas relativas á protección dos principios éticos recollidos nesta Instrución.

En particular, deberán documentar a protección da independencia nas mesmas condicións que se fosen persoal dependente do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Décimo terceiro. Canle de denuncias

Como instrumento adicional de control do cumprimento dos principios recollidos nesta Instrución, calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar a información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico a través do canle de denuncias habilitado pola Xunta de Galicia como vía preferente para a comunicación de información relativa a supostas infraccións do seu sistema de integridade e previsto no Plan Xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia:

<https://transparencia.xunta.gal/es/canle-de-denuncias>

A xestión das comunicacións recibidas a través da Canle de denuncias da Xunta de Galicia correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa (DXSA) na súa condición de responsable do sistema interno de información da Xunta de Galicia, que se instrumentaliza a través do SIACI (servizo PR006A).





O persoal da DXSA pode solicitar a tal efecto a información que sexa necesaria, tanto aos órganos administrativos ou entidades aos que se refira, como aos órganos transversais que poidan verse afectados.

En todo caso, asegurárase que a presentación de denuncias, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade da persoa denunciante de conformidade co previsto na normativa aplicable.

A comunicación por estas canles estrutúrase en dúas modalidades: anónima e nominativa. Calquera persoa pode empregalas e contando coa garantía de confidencialidade da súa identidade.

Estas canles configúranse como vía preferente para informar sobre as seguintes condutas:

- a. Accións ou condutas contrarias ao sistema de integridade da Xunta de Galicia.
- b. Calquera acción ou omisión que poida constituír infracción do Dereito da Unión Europea sempre que estea dentro do ámbito de aplicación da normativa relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, afecte os intereses financeiros da Unión Europea ou incida no mercado interior, incluídas as infraccións das normas europeas de competencia e axudas, así como os actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.
- c. Accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave no marco da xestión dos fondos FEAGA e Feader.
- d. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda pública e a Seguridade Social.

(Alguns exemplos: uso ou destino ilegal de fondos públicos; desvío de subvencións a fins alleos a aqueles para os que se outorgaron; irregularidades na contratación pública; arbitrariedades que determinan acceso desigual a servizos públicos, autorizacións; conflitos de interese).

Opcionalmente, as comunicacións poderán presentarse:

- 1) Por vía postal ou presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.





- 2) De maneira verbal e presencial (mediante solicitude de cita presencial). A xestión das comunicacións encoméndase a un reducido grupo de persoas que están expresamente sometidas a un plus de confidencialidade, e realízase segundo as previsións básicas recollidas no PXMA da Xunta de Galicia.

Décimo cuarto. Derogación

A presente instrución deixa sen efecto a "instrución relativa ao conflito de interese na xestión dos fondos europeos agrícolas (feaga y feader)" do 08/01/2020.

Santiago de Compostela, na data e hora establecidos na sinatura electrónica
A secretaria do Fogga
Lara Riveira Fernández





ANEXO I (DECI)

(asinar polo persoal que realiza a comunicación)

NOMBRE E 1º APELLIDO 2º APELLIDO, empregado público que desempeña o seu posto de traballo no Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) ou órgano ou organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, trala realización do análise das circunstancias que poden xerar riscos e ameazas á independencia establecidas no Anexo IV da Instrución SF01/2024, poño de manifesto que estou na seguinte situación en relación con exercicio das miñas funcións na xestión, control ou pago dos fondos FEAGA e/ou Feader:

Describir de forma concreta a situación que, conforme ao criterio do empregado público ou informante correspondente, pode xerar a ameaza de risco á independencia ou incompatibilidade, sinalando a norma concreta que, no seu caso sería incumplida.

Para a protección da miña independencia e para o cumprimento coas normas que regulan a materia propoño, no seu caso, establecer a seguinte salvagarda:

Coa presente declaración de existencia dun conflito de interese (DECI), procedo a informar ao meu inmediato superior e, no seu caso, a asumir o meu compromiso de non participar de xeito activo ou pasivo na toma de decisións en relación a xestión, control ou pago das axudas afectadas (na xestión do asunto afectado) por este conflito potencial.

Ao meu parecer a antedita salvagarda reduce o risco de ameaza á independencia que pasa a situarse nun nivel razoable ou anula a situación de incompatibilidade.

Lugar de realización da declaración, na data e hora establecida na sinatura electrónica

CARGO OU POSTO DE TRABAJO QUE SE OCUPA





ANEXO II ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE SALVAGARDA (RAMS)

(asinar polo persoal do órgano que recibe a comunicación)

RESOLUCIÓN DE ADOPCIÓN D MEDIDAS DE SALVAGARDA DA INDEPENDENCIA OU DE SITUACIÓN DE CONFLITO DE INTERESE

Órgano ou Unidade do Fogga: (Dirección do Fogga/Secretaría do Fogga/subdirección Fogga/Xefatura territorial)/ou UNIDADE do órgano ou organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións

Cargo da persoa responsable: *(establecer o cargo que se ocupa)*

I. Coñecemento e comunicación do risco ou situación

En *data XX/XX/20XX*, comunicouse por (nome do empregado público/cargo que presta os seus servizos no Fogga/órgano ou organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións, que se atopa nunha situación que pode poñer en risco o principio de independencia ou supoñer unha situación de conflito de interese.

II. Análise do risco e, no seu caso, proposición de salvagardas

En síntese, de acordo coa comunicación remitida polo empregado público/cargo correspondente, o risco exposto consiste en *(descripción do risco)*, estando recollido no apartado XXXX da XXXX e a salvagarda que se propón é xxxx:

Recoller brevemente cal é o risco e a salvagarda, de existir, proposta polo empregado público.

III. Conclusión

- a) Non hai risco para o principio de independencia ou un conflito de interese.

Da análise efectuado (o cal deberá recollerse no apartado II da memoria), non se detecta que existe risco para a independencia nin conflito de interese polo que o empregado público/cargo pode desenvolver con normalidade as súas funcións en relación coa xestión das axudas ou pagos afectados.

- b) Existe risco para o principio de independencia ou un conflito de interese e se propoñen as seguintes salvagardas polo que o empregado público/cargo pode continuar participando na xestión ou pago das axudas correspondentes.

Da análise efectuado (o cal deberá recollerse no apartado II da memoria), detéctase que existe risco para a independencia e conflito de interese polo que establécense salvagardas ata reducilas a un mínimo aceptable. (Debe indicarse claramente as salvagardas propostas se



con elas pódense desenvolver con normalidade as súas funcións na xestión das axudas ou pagos correspondentes, a salvagarda pode ser a abstención en determinados expedientes, respecto a determinados beneficiarios ou da realización de determinadas actuacións).

- c) Existe risco para o principio de independencia e un conflito de interese polo que o empregado público/cargo non pode participar nas actuacións ou no desenvolver as funcións correspondentes.

Da análise efectuado (o cal deberá recollese na memoria), detéctase que existe risco para a independencia e conflito de interese que non pode ser obxecto de redución mediante o establecemento de salvagardas polo que o empregado público debe absterse de continuar no desempeño das funcións ou actuacións correspondentes.

No seu caso, proporase a súa substitución.

Santiago de Compostela, na data e hora establecidas na sinatura electrónica

O responsable da unidade





ANEXO III

(a cubrir polo persoal que realice funcións de xestión, control ou pago das axudas FEAGA/Feader)

CUESTIONARIO DA AUTOEVALUACIÓN DA PROTECCIÓN DA INDEPENDENCIA E CONFLITO DE INTERESE

Empregado/a público: XXXXXX

Unidade administrativa do Fogga/ órgano ou organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións: XXXXXX

Situación	Non	Si
¿Incorre nalgunha das situacións sinaladas no punto 4.1 a) da Instrución?		
¿Incorre nalgunha das situacións sinaladas no punto 4.1 b) da Instrución?		
¿Incorre nalgunha das situacións sinaladas no punto 4.1 c) da Instrución?		
¿Incorre nalgunha das situacións sinaladas no punto 4.1 d) da Instrución?		
¿Incorre nalgunha das situacións sinaladas no punto 4.1 e) da Instrución?		
¿Incorre nalgunha das situacións sinaladas no punto 4.1 f) da Instrución?		

No caso de incorrer na situación marcarase unha X no recadro Si e describirase no recadro previsto a continuación ou documento aparte (MEMORIA) a situación concreta que poder xerar unha ameaza á independencia ou un conflito de interese POTENCIAL ou REAL seguindo o procedemento recollido no punto sexto da Instrución. De ser preciso, a listaxe de beneficiarios, expedientes, ou asuntos afectados poderá achegarse como anexo a este cuestionario

SITUACIÓN NA QUE SE ATOPA O EMPREGADO PÚBLICO OU CARGO CORRESPONDENTE:





ANEXO IV (DACI)

(a cubrir polo persoal que realice funcións de xestión, pago e control das axudas no Fondo Galego de Garantía Agraria)

Documento de conclusións sobre a autoavaliación da independencia e o conflito de interese para os traballos de xestión, control ou pago das axudas FEAGA/Feader.

NOME 1º APELIDO 2º APELIDO, empregado/a público Fogga/ órgano ou organismo que teñan vixente unha Resolución de delegación de funcións e que presta servizo na **ÓRGANO/UNIDADE CORRESPONDENTE**.

En relación cos traballos/funcións que teño asignadas e relación coas situacións indicadas no cuestionario de autoavaliación

DECLARO:

a) (Se non se detectan ameazas ao principio de independencia ou conflito de interese)

Que unha vez realizada a autoavaliación da independencia e da ausencia de conflito de interese, non incorro en ningunha das circunstancias que pode supoñer unha ameaza ao principio de independencia ou supoñer un conflito de interese.

Que no caso de incorrer nalgunha situación que puidese poñer en risco o principio de independencia ou supoñer un conflito de interese, sería comunicado ao meu inmediato superior de conformidade co procedemento recollido na Instrución.

Que se no desenvolvemento dos traballos detectase que puidese incorrer en calquera das situacións sinaladas, comunicareillo ao meu inmediato superior aos efectos oportunos e a través do procedemento recollido na Instrución.

b) (Se existen ameazas ao principio de independencia ou conflito de interese)

Que unha vez realizada a autoavaliación, incorro nunha situación que pode supoñer unha ameaza ao principio da independencia e da ausencia de conflito de interese.

Que tal circunstancia foi comunicada ao meu superior xerárquico, na cal se describe o risco e a salvagarda, aos efectos de iniciar o procedemento correspondente.

Que unha vez que concluíu o procedemento determinouse (despois da adopción das medidas de salvagarda que se consideraron axeitadas) que non hai risco para o principio de independencia nin conflito de interese / que podo continuar desenvolvendo os traballos de xestión, pago ou control das axudas aplicando a salvagarda establecida / existe risco para o principio de independencia e conflito de interese e que non podo desenvolver os traballos afectados.

Santiago de Compostela, na data e hora establecidas na sinatura electrónica

